

Estudos sobre Eduardo Jorge Bosco: o home, o escritor arxentino e o autor dun excelso poemario galego

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2007]). “Estudos sobre Eduardo Jorge Bosco: o home, o escritor arxentino e o autor dun excelso poemario galego”. En Eduardo Jorge Bosco, *Poemas en Lingua Galega*. Vigo: Xunta de Galicia / Xerais, 15-65. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/712>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2007). “Estudos sobre Eduardo Jorge Bosco: o home, o escritor arxentino e o autor dun excelso poemario galego”. En Eduardo Jorge Bosco, *Poemas en Lingua Galega*. Vigo: Xunta de Galicia / Xerais, 15-65.

* Edición dispoñíbel desde o 16 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ESTUDOS SOBRE EDUARDO JORGE BOSCO: O HOME, O ESCRITOR ARXENTINO E O AUTOR DUN EXCELSO POEMARIO GALEGO

Xesús Alonso Montero

[13] Limiar: Un poeta arxentino, alleo a Galicia, escribe poemas en galego no ano 1939

[15] Chamábase Eduardo Jorge Bosco e nacera en Buenos Aires en 1913. Na capital da Arxentina, na súa Facultade de Letras, coñeceu a Pepita Sabor, filla de pai galego natural de Vilanova de Arousa, onde ela foi nada. Moi neniña, cando aínda non cumprira ano e medio, Pepita emigra a Buenos Aires.

En 1937, aqueles dous estudantes universitarios, Eduardo e Pepita, inician unha fonda amizade que, dous anos despois, en 1939, é amor, fondo amor. Vai ser nese momento, nesa situación, cando Bosco aprenda –nos libros– a lingua na que a súa amada balbucira as súas primeiras palabras. Daquel código idiomático moi pouco lle quedaban vinte anos despois, a Pepita, que vivía nunha casa onde a lingua galega só se oía algunha que outra vez, cando vellos veciños do pai o visitaban para parolar de cousas da terra e evocar a ría de Arousa. En calquera caso, Eduardo Jorge Bosco aprende o idioma galego cunha finalidade sentimental: contarlle o seu amor a Pepita na lingua da súa terra e da súa xente, na lingua que tamén fora a das súas primeiras inexpertas palabras.

Para agasallala, para cortexala mellor, para matizar a súa entrega, o poeta Bosco compón unhas cancións nun idioma que non é o seu verdadeiro idioma, nun idioma que non é o da súa instalación. Farao nun idioma que aprendeu con fervor pero no que a instalación é menor, se ben, neste caso, o poeta non deixa de falar desde dentro. Non protagoniza, pois un exercicio literario totalmente artificial. Non escribe na súa auto-fonía, pero a alo-fonía asumida non carece de certa autenticidade. Bosco xa figura, nas nosas Letras, entre os importantes poetas alófonos, termo que é frecuente, na nosa historiografía literaria, desde 1931¹.

Así pois, Bosco fixo alofonía por amor, o que aconteceu, bastantes anos antes, en 1911, co gran poeta catalán Carles Riba, que, namorado, en Barcelona, de Pepita Vila, escribe dous sorprendentes e interesantes poemarios, *Cantares d'amor* e [16] *Cantares d'amigo*. O escritor, que estudaba segundo curso na Facultade de Filosofía e Letras, tiña 18 anos, e a súa musa, filla de pais galegos, vinte. Morreu, solteira, en Barcelona, no ano 1975. O poeta casaría, en 1916, coa escritora catalana Clementina Arderiu. O “romance” de Carles

¹ É o ano no que o prof. Xosé M. Salgado e mais eu organizamos na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela o I Congreso alófonos en lingua galega. Ó ano seguinte a editorial Galaxia publicou, co mesmo título, as Actas, que editamos os organizadores do Congreso. Era o ano do Iº centenario do poeta catalán Carles Riba (1893-1959), o primeiro alófono importante en lingua galega, aínda que os seus dous poemarios en galego, de 1911, se publicasen case setenta anos despois, en 1987.

Riba cunha rapaza filla de humildes galegos na emigración (romance tan froitífero literariamente), foi interrompido pola man clasista da nai do poeta catalán, tal como suxire Xosé Lois García, o único biógrafo de Pepita Vila Pérez, a musa galega de Carles Riba²

Co título «Amor e alofonía» publiquei un artigo no que me achego á biografía literaria de Carles Riba e Eduardo Jorge Bosco, que nada sabía do seu precursor, inédito, como poeta galego, ata 1987³. Si coñecía os *Seis poemas galegos* de García Lorca, poeta polo que sentía devoción.

Aínda está por averiguar se o primeiro poema do hexaedro galego de Federico é ou non unha declaración de amor nos seus dous primeiros versos:

Chove en Santiago
meu doce amor

Os analistas non saben se o segundo verso é unha aposición de Santiago ou un vocativo suscitado por alguén que o acababa de deslumbrar na cidade de Compostela. Algúns dos seus contemporáneos sinalan que en maior de 1932 un universitario galego prendouno co seu atractivo.

De todos os xeitos, cando de amor e alofonía se fala, o caso máis puro é o de Carles Riba, só instado ó compromiso literario con outro idioma por razóns estritamente amorosas. Cando, décadas despois, Eduardo Jorge Bosco emigra ó universo lingüístico do galego, faino, fundamentalmente, por Pepita Sabor (¡outra Pepita!), pero, dalgún xeito, séntese animado nesa emigración idiomática por un precedente moi ilustre, o poemario de García Lorca, escritor a quen tanto admiraba.

Acompañano nesta aventura literaria as súas lecturas de poetas galegos, que foron bastantes, como teremos ocasión de ver. Por se fose pouco, sabemos, por quen o tratou neses anos, que coñecía, como lector de poesía, varias linguas, tipo de poliglotía que demostra a súa capacidade para achegarse a outros códigos idiomáticos e adentrarse neles. Tense afirmado que traduciu poemas do inglés (Eliot, Browning), do francés (Villon, Mallarmé), do italiano (D'Annunzio...)⁴.

Sexa como for, entre o 7 e o 9 de agosto de 1939, na pluma dun poeta arxentino de 26 anos, abrollan, na barafunda de Buenos Aires, como agasallo a unha mocíña galega, sete poemas en idioma galego, sete cancións de amor.

[17] II. Da vida e da obra literaria de Eduardo Jorge Bosco

[19] *Algúns datos biográficos*

Naceu Bosco en Buenos Aires o 6 de febreiro de 1913; da súa adolescencia e primeira mocidade temos poucas e imprecisas noticias, se ben é lícito pensar que xa era, daquela, un lector ávido, plural e rigoroso. Daniel Devoto⁵, un dos ilustres da súa xeración (a do

² «Pepita Vila, musa de C. R.», escrito para a colectánea que eu editei co título de *Carles Riba e Galicia*, Vigo, Galaxia, 1993, pp. 250-53.

³ *La Voz de Galicia*, 18-IV-1993.

⁴ V. op. cit. na nº 10, p. 47.

⁵ Daniel Devoto (Buenos Aires, 1916-2004) foi poeta, narrador, ensaísta, filólogo... Casou con Mariquiña, a filla menor de Valle-Inclán.

corenta), retratouno nestes termos: «Por mucho tiempo fue para todos el máximo conocedor de poetas y de versos, el árbitro de nuestras cosas y las ajenas» (1952). Co propio Daniel Devoto relaciónao Pepita Sabor: «Bosco tenía una cultura literaria impresionante, y solía dejarnos boquiabiertos, con excepción de Devoto, que era el único que no le iba a la zaga» (Informe, 1991).

Bosco estudou na Facultade de Letras de Buenos Aires na sección de Profesorado de Literatura, pero os seus estudos universitarios estiveron sempre lonxe da súa condición de inxente cualificado lector de textos literarios. Unha miguiña desazado para a disciplina académica, Bosco só chega a cursar algunhas asignaturas do segundo ano.

Foi nesa Facultade onde coñeceu a Josefa Emilia Sabor (Pepita Sabor), case catro anos máis nova ca el. Estudaba na sección do Profesorado de Historia con regularidade e notable aproveitamento. Pepita Sabor foi moi importante na vida e no corazón de Bosco. O que foi unha entusiasta amizade, de 1937 a 1939, converteuse en amor, en intenso amor, de 1939 a 1942. Será en agosto do ano en que se iniciou o noivado, 1939, cando Bosco escriba as sete cancións amorosas suscitadas pola súa garimosa colega.

[20] *Unha vida para a morte*

O derradeiro ano da vida de Bosco foi un ano cheo de sobresaltos e de desacougos, lonxe xa da man garimosa e do colo morno de Pepita Sabor. Nese ano, un pouco ó chou, Bosco achégase a certos cenáculos literarios onde se relacionará con Haydée Lange⁶, muller de condición e costumes nada semellantes ós de Pepita Sabor, a súa doce e confortante musa galaica. Bosco, moi pouco dotado para a existencia bohemia e para vivir «en artista», vai ser arrastrado a ese tipo de vida polo amor (paixón ou espellismo) de Haydée Lange, muller de certa monumentalidade física, doce anos máis vella có noso poeta e cunha biografía sentimental moi pouco concorde coas características de Pepita Sabor. Quen viña deste amor, que tamén era un lar acolledor, vai atopar na nova relación unha fonte de desacougos moi graves.

Eduardo Jorge Bosco suicidouse, nas augas do Río da Plata, o 30 de decembro de 1943, cando aínda non cumprira os 31 anos de idade. Tense dito que foi un suicidio por celos⁷. Os que o coñeceron ben sempre viron nel un home que, en calquera momento, podía ir cara a súa morte. Mesmo nas súas páxinas, tanto en verso como en prosa, a morte é obxecto de reflexións que cumpriría termos en conta para entender ó home que as formula. Nun ensaio chega a afirmar que o tema principal da humanidade é o da morte, traballo no que lamenta que os filólogos, verbo dos gauchos (unha das súas especialidades), non teñan feito un estudo das voces sinónimas de morte e de morrer⁸.

Pola miña parte, penso que é significativo o feito de que o único poema seu que publicou en vida se titulase «Para una muerte», tres epitafios baixo un título común, concibidos, sen dúbida, como autoepitafios. Foi o 20 de abril de 1941⁹, cando o ser humano Eduardo Jorge Bosco aínda estaba no ámbito hospitalario de Pepita Sabor:

⁶ Irmá de *Norah Lange*, que, nestas datas, casou co gran poeta Oliverio Girondo (v. M^a Esther de Miguel, *Norah Lange*, Buenos Aires, Planeta, 1991, pp. 29-33).

⁷ Op. cit., p. 31.

⁸ «Lengua y casticismo», *Obras*, II, p. 126.

⁹ *La Nación*. Buenos Aires.

He aquí un hombre como yo,
ni mejor ni peor,
tan solo diferente.

Así pois, os atafegos e as angueiras do período 1942-1943, lonxe de seren a causa do suicidio, foron a ocasión. Que gustase dos tangos, e mesmo de cantalos, non debe interpretarse como unha faceta «vital», dada a condición desgarrada do xénero.

Sobre este «home para a morte», a mesma Pepita, tan pudorosa sempre ó referirse a esta cuestión, escíbeme:

[21] Los 3 epitafios son los que ocupan la p. 35 del vol. I de las *Obras*, con el título «Para una muerte». El que siempre creímos («supimos») los amigos que era su auto-epitafio es el número 3 (3-II-1993).

O escritor

Bosco, que, na súa breve vida, non escribiu pouco, case non publicou nada. Era moi rigoroso coa súa obra, coa elaboración das súas páxinas, que moi dificilmente xulgaba acabadas. A propia Pepita Sabor chegou a coñecer corenta versións dalgúns poemas. Escritor sempre á procura da formulación cabal, como poeta parecía cumprir o precepto rilkeano segundo o cal o autor de poemas xustificase na escritura, entendida esta como necesidade, como a respiración á que o poeta non pode renunciar e para quen publicar é menos que secundario. Bosco só publicou aquela presíña de versos en *La Nación*. Poeta, Bosco, que, de feito, non publicou quizais se define ben nestes catro versos:

El hombre nunca ha cantado
por afán de un auditorio
sino por oír su voz
y sentirse menos solo.

Cando morre, Bosco é un escritor inédito. Só algúns, moi íntimos, coñecían algúns poemas seus, sempre en versións non definitivas. Hai que chegar a 1952, nove anos despois do seu pasamento, para que mans amigas recollan parte do seu labor literario en dous volumes co título de *Obras*. A edición deste corpus, chea de dificultades e de riscos, foi obra da lealdade e da devoción de tres compañeiros universitarios: unha profesora, Josefa Emilia Sabor; un escritor, Daniel Devoto, e un historiador, Alberto Salas. Foron eles, como reza nunha páxina preliminar, os que estableceron os textos, en primeiro lugar, Pepita Sabor, tan achegada ó home e ó poeta. A nai do escritor estampou no exemplar de Pepita esta dedicatoria: «Para nuestra querida Pepita este libro, obra de nuestro Eduardo que es también obra suya / Isabel O. de Bosco / Junio de 1952».

Cómpre aclarar que, cinco anos antes, a editorial porteña Emecé publicara *El gaucho a través de los testimonios extranjeros* (1773-1880), volume do que a escolma, [22] o limiar e as notas son de Eduardo Jorge Bosco. A quen coñeza as páxinas «posteriores» de Bosco non lle estrañará este traballo, que é un capítulo máis, na biografía do noso escritor, da súa preocupación polo gaucho e a literatura gauchesca. Nas *Obras* figura un estudo sobre Hilario Ascasubi (1807-1875), autor de *Santos Vega* (1872), relato gauchesco en verso. É significativo que un día, en 1941, se fíxese unha fotografía ó pé do monumento

de Ricardo Güiraldes, o autor de *Don Segundo Sombra* (1926), a novela que inmortalizou o universo gauchesco da Arxentina.

Poeta de varias cordas, incluso chegou a prescindir do seu ortónimo e inventar un Sebastián Luna, heterónimo que recorda os heterónimos utilizados, poucos anos antes, por Antonio Machado e Fernando Pessoa. Bosco chegou a confesar nunha ocasión que Sebastián Luna: «... es el nombre del guitarrero que hay en el fondo de mí mismo».

Desde o ano da súa morte, 1943, sempre que alguén menciona a Bosco (case sempre de pasada), sitúao, como poeta, na Xeración do Corenta, constituída, entre outros, por Enrique Molina, Daniel Devoto, Basilio Uribe, José María Castiñeira de Dios e Alberto Girri. Pertencen á mesma xeración tres mulleres María Granata, Olga Orozco e Ana María Chouhy Aguirre, esta falecida moi nova, en 1945. David Martínez, na súa antoloxía de poesía arxentina (1940-1949), estampa esta dedicatoria:

A las sombras queridas de
Eduardo Jorge Bosco y Ana
María Chouhy Aguirre.

A los de mi generación¹⁰

Olga Orozco dedicoulle en 1946 o seu poema «Cuando algo se nos muere¹¹» no que consigna (lorquianamente?):

Ahora estamos más solos por imperio de tu muerte,
por un cuerpo ganado como un palmo de tierra
por la tierra baldía.

A Bosco chorárono outros poetas daquel tempo, pero as páxinas de crítica e erudición literaria posteriores a 1952, o ano das *Obras*, foron escasas e pouco comprometidas. De ter que salientar dous traballos, eu salientaría a semblanza cordial e [23] fonda de Pepita Sabor («Eduardo Jorge Bosco, vida y poesía»)¹² e o agudo ensaio interpretativo de Daniel Devoto (“Eduardo Jorge Bosco y el problema del poeta argentino”)¹³. Foron os que estiveron á súa carón, nas aulas universitarias e nos paseos porteños, os que o entenderon a fondo e valoraron. A erudición posterior non soubo aproveitarse, creo, destas achegas. Polas noticias que teño, o ano 1993, quincuaxésimo cabodano do escritor, non foi fértil en bibliografía bosquiana.

[25] III. Bosco, poeta en lingua galega

[27] *Rosalía de Castro e García Lorca, lecturas de Bosco*

Aínda que Bosco vive en Buenos Aires nuns anos nos que a presenza de escritores galegos é valiosa, trátase de emigrantes (Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita, Ramón Rey Bal-

¹⁰ *Poesía Argentina* (1940-1949), Buenos Aires, colección El Ciervo en el Arroyo, 1949.

¹¹ *Desde lejos*, Buenos Aires, Losada, 1946, p. 82.

¹² *Buenos Aires Literaria*, nº 15, diciembre, 1953.

¹³ *Primeiras Jornadas de Linguas y Literaturas Hispanoamericana. Acta Salmanticensia*, Salamanca, 1956.

tar...) trátase de exiliados (Luís Seoane)¹⁴, non tivo contacto con ningún deles. En realidade, o único escritor «galego» co que tivo certa relación foi con Federico García Lorca, por quen sempre sentiu unha gran devoción literaria. Este contacto persoal tivo lugar, algunha vez, entre outubro de 1933 e marzo de 1934, que son os meses nos que Lorca está en Buenos Aires (excepción feita dos días nos que visitou Montevideo). Foi en Buenos Aires onde Federico, entrevistado polo xornalista galego José R. Lence, proclamou: «Llevo a Galicia en el corazón [...] Me sentí poeta gallego y una imperiosa necesidad de hacer versos, su cantar me obligó a estudiar a Galicia y su dialecto o idioma, para lo maravilloso es igual...»¹⁵. Leu Bosco, tan atento ás cousas de Lorca, a reportaxe de Lence? Sabía Bosco que, no número 6 de *Yunque* (Santiago), Lorca xa publicara, en galego, «Madrigal a la ciudad de Santiago»?

Cónstanos que, algún tempo despois, quedou impresionado polo feito de que o seu admirado García Lorca publicase en 1935 o libriño *Seis poemas galegos* (Santiago, editorial Nós). Quizais non coñeceu este poemario na súa primeira edición, pero cónstanos que manexou o tomo II das *Obras Completas*, publicado pola editorial Losada de Buenos Aires, a fins de 1938. Nese volume, o responsable da edición, Guillermo de Torre, acolle os *Seis poemas galegos*.

Non foi García Lorca, en realidade, quen moveu a Bosco a aprender a cultivar o galego; quen vai provocar esta asunción (lingüística, primeiro, literaria, despois) foi unha persoa, unha muller, un amor: Josefa Emilia Sabor. Téñase en conta que, [28] como lector de poetas, ninguén –afirma Daniel Devoto– posuía «tanta riqueza de linguas»¹⁶.

Entre os poetas lidos e amados por Bosco está Rosalía de Castro. Aquí as cousas –lecturas de Rosalía e incitación de Federico– chega á vida deste «lletraferit» polilingüe, co seu acento galego, Pepita Sabor.

Máis sobre as lecturas galegas de Bosco: o Informe de Isabel Llorca Bosco

Isabel Llorca, sobriña do noso poeta, é escritora, muller culta e persoa moi interesada na vida e na obra do seu tío, segundo ela, coñecido por poucos e por moi poucos debidamente recoñecido. Deste parecer é o seu marido, Agustín Romano, home de Letras moi erudito. Ambos os dous dirixen un programa cultural nunha emisora de radio porteña onde, co gallo dalgunha efeméride, Bosco faise presente. Eu mesmo fun entrevistado hai dous anos sobre a importancia do escritor arxentino na poesía alofónica galega.

Nun longo informe, redactado o 17 de decembro de 1993, Isabel Llorca describe a biblioteca galega do seu tío, biblioteca na que figuran:

a) Eugenio Carré Aldao, *Literatura gallega*, Barcelona, Maucci, 1911.

Como fonte de información e como fonte de lecturas non había na época libro semellante. Repárese no subtítulo: *Con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales*.

Nas súas 607 páxinas ofrécenos textos de todos os períodos da literatura galega: Idade Media (Pero da Ponte, Airas Nunes, Afonso o Sabio...) ós escritores estritamente contem-

¹⁴ Non mencionamos a Castelao, que chega a Buenos Aires en xullo de 1940, case un ano despois de que Bosco compuxera as cancións galegas.

¹⁵ *Correo de Galicia*, Buenos Aires, 22-X-1933.

¹⁶ «Presencia de E. J. B.», *Ínsula*, Buenos Aires, 1944.

poráneos (Lugrís Freire, Samuel Eiján...). Predomina a poesía, pero non escasean as mostras doutros xéneros e doutras modalidades (teatro, oratoria, conto...).

Comunicárame Isabel Llorca que Bosco subliñou dúas estrofas do poema de Curros «Na morte da miña nai».

b) *Antología de la lírica gallega*, selección y prólogo de Álvaro de las Casas, 3ª edición¹⁷.

É, por tanto, a de 1939, que el puido manexar antes de agosto dese ano. Desde a primeira edición a *Antología* contén un extenso «Vocabulario» bilingüe (261 [29] voces), que Bosco consultou con atención, tanta que estampou unha pequena cruz ó pé de 37 palabras, algunhas utilizadas por el nos poemas (esquecer, fado, ninguén...). Pertencen ó «Vocabulario» voces que el debeu aprender ou verificar nel como allur (arcaísmo), ar, meio, orballo, volvoreta, soidá, anduriña, coita...

c) Un exemplar do nº XIV da revista *Hora de España* (febrero, 1938) no que figura un ensaio de Ernestina de Champaucín titulado «Rosalía de Castro (1837-1937)» que contén, en galego, un poema e varios fragmentos de outros.

d) Tamén figura na biblioteca de Bosco a magnífica antoloxía de Rosalía de Castro, *Poemas galegos*, preparada por Eduardo Blanco Amor. O prólogo está asinado en xullo de 1939, o que nos permite afirmar que a súa publicación é posterior ós primeiros días de agosto, data das cancións galegas de Bosco.

Pero este volume proba o rosalianismo de poeta arxentino, refrendado, poucos anos despois, coa adquisición de *Follas Novas* (Buenos Aires, Emecé, col. Dorna, 1943). No libro hai unha data, con letras de Bosco, 13/X/43, sen dúbida o día en que o adquiriu. Mes e medio despois suicidárase.

Hai revistas posteriores a 1939 con información literaria galega, unha delas o número 336 de *Galicia* (Centro Gallego de Buenos Aires, enero, 1941), dedicado a Valle Inclán, «por quien Bosco tenía inmensa admiración, pasión que yo comparto».

Pepita Sabor, a musa galaica do poeta arxentino

Naceu Josefa Emilia Sabor (Pepita Sabor)¹⁸ en Vilanova de Arousa o 23 de novembro de 1916. Filla de pai galego (Francisco Sabor López) e nai santanderina, de Castro Urdiales (Carmen Riera Iturrioz), emigra a Buenos Aires, cando aínda non cumprira ano e medio, en marzo de 1918. Na facultade de Letras cursa os estudos da sección de Profesorado de Historia, nos que se licencia en 1939. Anos despois sería nesa Facultade profesora no Centro de Bibliografía, disciplina que ten cultivado con éxito. É autora do *Manual de fuentes de información*¹⁹ e doutros traballos de obrigada consulta na Arxentina²⁰. Non é alleo á ciencia bibliográfica o libro co que Pepita Sabor obtivo no seu país, en 1992, o Premio Nacional de Historia: *Pedro de Angelis y los orígenes de la bibliografía argentina. Ensayo bio-bibliográfico* (Buenos Aires, ediciones Solar, 1995).

[30] Foi intensa a relación entre Pepita Sabor e Bosco, primeiro na Universidade, logo nos cafés, nos parques e polas rúas da capital arxentina. Ás veces Pepita chegaba con libros galegos que Bosco descoñecía, libros cos que a agasallaba un vello amigo do pai.

¹⁷ As edicións anteriores son: Madrid, C. I. A. P., Biblioteca de Estudios Gallegos, 1928; Madrid, C. I. A. P., s. d.

¹⁸ Non só os amigos a chaman Pepita Sabor senón que ela asina os seus traballos, polo menos algúns, con ese nome.

¹⁹ Buenos Aires, Kapelusz, 1957.

²⁰ Por exemplo, «Cómo se hacen fichas bibliográficas», *Boletín de la Universidad*, 1961.

Amigos primeiro (1934-1939), noivos despois (1939-1942), Eduardo e Pepita len xuntos, procuran novos libros, comentan as novidades literarias... e, nun intre, abrollan no espírito do poeta sete composicións na lingua do pai da namorada, na lingua que Pepita escoita, os días, que non son poucos, en que xentes de Vilanova de Arousa, recién chegadas ou non, van á casa de seus pais por parolaren ou procuraren algunha axuda. Hai pois, un certo maxisterio lingüístico de Pepita, ademais do maxisterio esencial, o dos textos lidos con paixón por Bosco: versos de Rosalía e García Lorca, páxinas de dúas importantes antoloxías...

Escribiu Bosco eses sete poemas os días 7, 8 e 9 de agosto de 1939, e foi no derradeiro cando redactou a fermosa dedicatoria:

A Pepita, porque, xunto a ela, eu escribín estos cantares, sentindo no peito toda a soidade de Rosalía, e toda a saudade de Galicia, rosa de pranto entr'as herbas.

Por certo, as últimas palabras lémbrennos algún verso de Lorca («transida de tristes herbas»).

Eduardo Jorge Bosco, namorado de Pepita Sabor, moi namorada del, chegou á alofonía pola vía do amor.

O corpus galego de Bosco

O esencial son as sete cancións tantas veces mencionadas, escritas, como xa dixemos, o 7, 8 e 9 de agosto de 1939.

Hai un poema posterior, do 10 de novembro de 1939, do que só se conserva un texto, sen dúbida un borrador. Nós, ademais do facsímile, ofrecemos unha versión, a miña.

Non teñen data dúas follas: nunha delas figuran seis versos, os dous últimos separados por raias, cal se pertencesen a outro poema; na outra, que é un sobre, figuran seis versos, parte dos cales están contidos na folla anterior. Un deles (Cervo branco ferido no monte) fainos pensar no poema II, e outro (Un rezende perdido de froles) fainos pensar na canción 7ª (o recende / das súas froles).

[31] *¿Bebe Bosco na fonte de Pero Meogo?*

Está claro que a obra galega acabada son as sete cancións. Pero paga a pena, sen dúbida, non omitir o poema «Cervo ferido». En principio, un podería pensar que este «cervo» procede do «Cántigo espiritual» de San Juan de la Cruz, fonte que non se debe rexeitar enteiramente, mais convén que recordemos que Bosco posuía certas lecturas de lírica medieval galego-portuguesa, como mínimo as páxinas preliminares da *Antología* de Álvaro de las Casas. Nesas páxinas o antólogo ofrécenos tres das nove cantigas de Pero Meogo, cantigas de amigo nas que choutan e beben os cervos máis poéticos do cancionero medieval hispano. Na novena destas cantigas fálase dun «cervo ferido» que «irá morrer al mar», e no poema de Bosco hai un «cervo ferido / lonxe do mar». Esta cantiga, a novena de Pero Meogo, é unha das que reproduce a *Antología* de Álvaro de las Casas.

Pode haber outra fonte máis próxima: o gran poeta arxentino Ricardo E. Molinari, a quen Bosco admiraba, tanto que, sendo o noso escritor moi noviño, ía a cotío á librería do Ateneo, na rúa Florida, para oílo conversar e velo follear libros. Molinari publicou en 1939

(supoño que antes de novembro) o opúsculo *Cinco canciones de amigo*²¹. Pois ben, o «refrán» da canción segunda está protagonizado por cervas, que non son alleas a unha das nove cantigas de Pero Meogo.

A Molinari esta cultura literaria galego-portuguesa venlle, en parte, da súa estanza en Portugal no ano 1933, pero só en parte, pois cóstanos que na súa biblioteca particular obraban volumes insólitos no Buenos Aires da época: o *Cancioneiro da Vaticana* e o de *Colocci-Brancuti*, por exemplo. Sabemos que os deixou, en 1948, ó Centro Galego para figuraren na Mostra do Libro Galego, a primeira destas características feita no mundo²². Organizada, no esencial, por Luís Seoane, algún trato debeu ter con el nesas datas e despois, xa que, arredor de 1956, Seoane fixo a carátula dun disco, con poemas de Molinari na súa voz, para a colección Antoloxía sonora / Archivo de la palabra, que dirixía o mesmo Seoane.

Edición e recepción dos poemas galegos (1944-1994)

I. En 1952, nove anos despois da morte de Bosco, Pepita Sabor exhuma catro das sete cancións: a 2ª («Triadas de Vilanova da Rosa»), a 4ª («Estou triste...»), a 5ª («Non faleis...») e a 7ª («Dormen as pedras santas»). Figuran no volume I das *Obras*²³ (pp. 75-77). En nota, a editora aclara:

[32] Siete canciones gallegas escribió Eduardo Jorge Bosco en agosto de 1939. Se publicaron cuatro, los números 2, 4, 5 y 7, cuyas fechas corresponden al 8 y 9 de ese mes.

Pero a primeira noticia de que Bosco escribira poemas en galego data de 1944. É unha nota necrolóxica de Miguel Ángel Gómez:

Por lo que sabíamos de su labor poética prefería el poema «Payadores», los poemas de «Uruguay», uno que otro de los escritos en gallego y otros de los cuales no sabemos el título del libro que los agruparía, como «El almacén» y «El patio» [«Hablo de un amigo», *Correo Literario*, Buenos Aires, nº 8, 1-II-1944].

Dirixía esta importantísima revista Luís Seoane (con Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado). Sorprende que Seoane, sempre tan atento a este tipo de manifestacións literarias, tardase anos en facerse eco desta noticia.

II. En 1954, nunha polémica sobre a nosa lingua, escribe Luís Seoane:

¿De qué argentinos hablan estos señores? No, desde luego, de grandes poetas como Francisco Luis Bernárdez y González Carbalho, ambos amantes de nuestra cultura y cultivadores de nuestro idioma, de origen gallego los dos, desde luego, pero ¿era acaso de nuestro origen el argentino Eduardo Jorge Bosco, que escribió bellísimos poemas en idioma gallego... [«Nuestro idioma», *Galicia Emigrante*, Buenos Aires, nº 3, agosto, 1954]

Seoane, sen dúbida, xa lera as catro cancións publicadas dous anos antes.

²¹ Buenos Aires, Ediciones del Ángel Gulab.

²² *Libros y autores gallegos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1948, p. 66.

²³ É a edición que fan, en dous volumes, ela, Devoto e Salas (Buenos Aires, Ediciones del Ángel Gulab, 1952).

Sorpréndenos que dous minuciosos eruditos como Francisco Lanza Álvarez e Alberto Vilanova non mencionen, nin de pasada, a Bosco. O libro de Lanza, *Dos mil nombres gallegos*, é de 1953, e o de Vilanova, *Los gallegos en la Argentina*, de 1956.

III. En xuño de 1963, Ricardo Palmás, daquela moi novo pero xa discípulo do eruditísimo Luís Seoane, publicou nunha revistiña porteña a 7ª das cancións²⁴.

O que manifesta no seu breve artigo procede da nota redactada por Pepita Sabor sobre as catro cancións recolleitas nas *Obras*. Por certo, o número da revista amosámolo, no mesmo ano 1963, na mostra «Cen anos de literatura galega» no Círculo das Artes de Lugo²⁵.

[33] IV. Antonio Pérez Prado no seu libro de 1973, *Los gallegos y Buenos Aires*, aventura este xuízo: «... entre ellos, hay varios [poemas] escritos en un gallego cuasi medieval, delicados como una flor antigua»²⁶.

V. Un ano despois a *Gran Enciclopedia Gallega* dedícalle unha columna de 22 liñas na que se ofrecen datos novos:

La elección de la lengua por el autor se debe a motivaciones literarias (atracción de García Lorca en sus *Seis poemas gallegos*, de Rosalía de Castro, etc.) y personales (su amistad con la arousana Pepita Sabor...

Redactou a voz, que se publicou anonimamente, Ricardo Palmás. Anos despois, informoume ó respecto:

O único que escribín sobre Bosco (agás a brevíssima introdución no *Alén-Mar*) foi o artigo orixinal para a *Gran Enciclopedia Gallega*, e para iso fun ver –por volta de 1974– a Pepita Sabor, que moraba daquela na Avenida de Ribadavia pola banda do barrio de Caballito. O meu orixinal debeu ser bastante esnaquizado na redacción en Santiago porque nunca lle enviei a ela o exemplar do fascículo que lle prometera (Lisboa, 27-X-1992).

No inicio da carta, aclárame que «Seoane sabía da súa existencia, pois foi por el que eu souben de Pepita Sabor». Foi Palmás, pois, o primeiro en vencellar a poesía galega de Bosco á persoa de Pepita Sabor.

VI. Nunha conferencia de Julieta Gómez Paz, de 1978, fállase, non pouco, da poesía galega de Bosco²⁷. Dez anos despois, co título “Los poemas gallegos de Eduardo Jorge Bosco”, volve sobre a cuestión nun ensaio que é o primeiro comentario literario digno de tal nome sobre a poesía galega do escritor arxentino²⁸. Do ensaio, é moi valioso o inicio, sobre o contexto literario porteño do noso poeta:

Los poemas gallegos de Eduardo Jorge Bosco están fechados todos en agosto de 1939. El año anterior había aparecido en Buenos Aires los *Poemas gallegos* de Federico García Lorca, con un prólogo de Eduardo Blanco Amor. Por esos años se respiraba

²⁴ «E. J. B., poeta en gallego», *Alén-Mar*, Buenos Aires, nº 3, junio, 1963.

²⁵ V. X. Alonso Montero e R. Ramos de Castro, *Cen anos de Literatura Galega. Catálogo...*, Lugo, Círculo de las Artes, 1964, ficha nº 1533.

²⁶ Buenos Aires, La Bastilla, 1973, p. 199.

²⁷ Titúlase «Homenaje a Galicia» e foi recolleita, moi pouco resumida, no periódico *Lugo* (nº 401, abril-mayo, 1978). A conferencia foi pronunciada no Centro Lucense, de Buenos Aires, o Día das Letras Galegas.

²⁸ No seu libro *Galicia y la poesía*, Edicións do Castro, 1988.

en la Argentina una lírica exaltación; varios poetas españoles habían llega-[34]do a raíz de la guerra. Ya en 1937 se recordó el centenario del nacimiento de Rosalía de Castro, y el 22 de julio de 1939, apenas unos días antes de que Bosco escribiera sus poemas, apareció el periódico titulado *Galicia*, totalmente dedicado a la autora de *Follas novas*. Contiene ensayos de Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Enrique Díez Canedo, Ernestina de Champourcin, Ángel Ossorio; se reproducen juicios de Azorín, Castelar, Julio Dantas y se ofrece una breve antología de la poesía en gallego de Rosalía. Todas estas circunstancias, aparte de la impalpable presencia que habrán podido acercarle algunos amigos, fueron creando un clima en el que el poeta argentino se sintió de pronto inmerso frente a un paisaje fascinante, atrapado por el lirismo rosaliano y, lo mismo que García Lorca, asumió la lengua gallega como indispensable para expresar ciertas vivencias. Escribió sus composiciones, siete en total, en papeles informes y sólo el cuidado de sus antologistas pudo rescatarlas se han publicado sólo cuatro.

Sen dúbida, Julieta Gómez Paz non ignora o nome de Pepita Sabor, pero omíteo, aínda que escribe para os entendidos estas palabras: «... la impalpable presencia que habrán podido acercarle algunos de sus amigos».

É aguda a interpretación que fai de «Triadas de Vilanova da Rosa», poema no que (...) Bosco transformó el nombre sacándolo del plano real y consagrándolo, arcaico y primaverál, en su geografía personal de ensueño; lleva un epígrafe, original del mismo poeta seguramente, puesto que no se consignan iniciales ni nombre del autor: tres versos en los que se declara la condición de visionaria de la ciudad elegida:

Soio recordo un xardín
xunto unha igrexa de pedra,
Vilanova que non vin.

Cando comenta a canción 5ª («Morta lúa antiga, lúa d'outros tempos»...«Déixame ó luar... »), relaciónaa con versos e palabras de Lorca, do Lorca poeta galego:

Retoma aquí Bosco una palabra fónicamente hermosa, ese intraducible luar (luz de luna desvanece la magia) y esa lúa cuyo sortilegio sintió también García Lorca, pues en su «Danza da lúa en Santiago» la utiliza en dístico inolvidable:

E a lúa!, é a lúa
na Quintana dos mortos!

[35] O ensaio de Julieta Gómez Paz contén outro mérito: o de reproducir tres dos catro poemas coñecidos de Bosco, presenza valiosa nun tempo en que a súa poesía galega circulaba, incompleta, moi minoritariamente.

VII. No curso 1990-1991 os meus alumnos de Literatura Galega na Universidade de Santiago tiveron que facer un traballo escolar sobre un tema dos dez ou doce que eu, como todos os anos, propuña. Tres alumnas escolleron «A poesía galega de Eduardo Jorge Bosco», traballo para o que era indispensable poñerse en contacto epistolar con Pepita Sabor. Así o fixeron, e con éxito, pois Pepita, ademais de escribir unha carta garimosa, envioulles un longo e interesantísimo Informe sobre Bosco como poeta galego, o único que redactou sobre a cuestión na súa vida. Publicámolo hoxe en Apéndice, precedido da carta a Ana Mª Carreira Varela, Carme Cigarrán Iglesias e Gloria Vázquez Rivas. Antes

de finalizar o curso, presentaron o seu traballo, feito, en boa parte, a partir da información facilitada por Pepita Sabor. Era o primeiro, en Galicia, sobre Bosco como poeta galego.

Releo o informe e decátome de que non é frecuente que a «musa» duns poemas (dun escritor que se suicidou por outra muller) conteste a unhas anónimas alumnas con tanta minucia e sen omitir datos tan delicados como relevantes («Esa relación desembocó en tragedia», «¿Cómo se vincula Bosco con la literatura gallega? A través de mí, fundamentalmente»). Polos datos que teño, foi a primeira (e única) vez que Pepita Sabor redactaba e asinaba un escrito sobre a poesía galega de Bosco, aventura literaria tan vencellada á vida e ó amor do poeta e da musa. Sospeitaba Pepita que chegara a hora de facelo e de que esas páxinas podían desencadear, como así foi, un interese grande pola obra galega de Bosco? O interese, ademais de grande, foi eficaz. O Informe está na raíz, dun xeito ou doutro, non só da edición de 1994 senón da presente.

VIII. En setembro de 1992 viaxei a Buenos Aires para pronunciar unha conferencia sobre os escritores exiliados na Arxentina desde 1936. Nesa ocasión coñecín a Pepita Sabor, á que lle manifestei o meu interese pola vida e pola obra de Eduardo Jorge Bosco. Ela respondeu á miña curiosidade con xenerosidade, tanta que axiña puxo nas miñas mans a fotocopia dos manuscritos dos poemas galegos do escritor arxentino.

Xa de volta, eu estaba en condicións de disertar «in extenso» sobre a poesía galega de Bosco e así o fixen o 1 de decembro dese ano nun ciclo de actividades [36] titulado «Encuentro de dous mundos» que tivo lugar no Auditorio de Galicia (Santiago). Titulouse a miña conferencia «Os oito poemas en galego (1939) do escritor arxentino Eduardo Jorge Bosco». Oírona máis de cen persoas. Bosco empezaba a facerse visible ante os alumnos de Letras da Universidade de Compostela.

IX. En abril de 1993, o profesor Xosé Manuel Salgado e mais eu organizamos o «I Congreso de Poetas Alófonos en lingua galega», congreso ó que invitamos, coa debida antelación, para que nos ilustrase sobre Bosco, a Pepita Sabor. Con pouca saúde nesas datas, non puido asistir:

Dicho esto paso a agradecer calurosamente tu invitación para ir a Santiago, que hubiese sido un honor, pero lamento reiterarte que no puede ser. Mi salud –que confío vuelva a ser la de antes– no me lo permite. No me perdonaría convertir en un fiasco la mesa redonda de la reunión de que me hablaste. Angeles [é a irmá] está decepcionadísima, pues hubiera podido pagarse sus gastos y acompañarme. Siempre dice que lo que más siente es no volver a ver Santiago de Compostela, tan unida a su infancia, cuando la tía Dolores la llevaba en sus viajes de compras, médicos y abogados, a la gran ciudad. Tenía 6 años y lo recuerda como si fuera ayer (3-II-1993).

O 14 de abril inauguramos o Congreso na Facultade de Filoloxía, sesión na que ofrecemos ós asistentes un breve volume titulado I Congreso de Poetas Alófonos de lingua galega e subtítulo Programa de actividades. Textos/Documentos²⁹. No capítulo «Breve crestomatía de poemas», á beira de textos de Carles Riba, Lorca..., figuraba «Cervo ferido» de Bosco, inédito ata esa data.

²⁹ Xunta de Galicia, 1993.

En datas próximas ó Congreso eu publiquei dous artigos centrados no universo persoal e literario do poeta arxentino: «Pepita Sabor»³⁰ e «Amor e alofonía»³¹. O segundo reproducíuse no volume *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso* (Vigo, Galaxia, 1994).

X. A «opera omnia» galega de Bosco.

En 1994, don Victorino Núñez, Presidente do Parlamento de Galicia, invitounos ós organizadores do congreso, Xosé M. Salgado e mais eu, a un «xantar literario». Foino, realmente, pois nel manifestounos unha preocupación non allea á «cousa literaria»: en breve viría a Galicia Carlos Saúl Ménem, Presidente de Arxentina, quen, cando visitase o Parlamento, debería ser agasallado cun libro que, dal-[\[37\]](#)gún xeito, relacionase Galicia co seu país. Despois da conversa, acordouse ofrecerlle nun volume a totalidade dos poemas galegos de Eduardo Jorge Bosco, inéditos algúns nesa data.

En poucos días preparei a edición que titulei *Oito poemas en lingua galega*³². Foron agasallados co volume os parlamentarios galegos, algunhas autoridades da Xunta e os acompañantes do Presidente arxentino, entre eles o Secretario Xeral para a Cultura, José María Castiñeira de Dios, poeta da xeración de Bosco (a do corenta) e compañeiro na Facultade de Letras nos anos mozos. Da edición, moi coidada por ACK Comunicación, fixéronse cinco exemplares cunha encadernación especial e noutro papel. Recibíronos o señor Ménem, o señor Núñez, o señor Fraga Iribarne (daquela Presidente da Xunta), dona Pepita Sabor e o editor e prologuista do libro.

Por primeira vez se ofrecían as sete cancións de Bosco, as catro publicadas en 1952 e tres inéditas. Tamén ofrecín o facsímile do manuscrito de «Cervo ferido» (de aí, o título, *Oito poemas*) ademais do facsímile dos manuscritos dalgunhas cancións. Fíxose unha tirada limitada e para lectores protocolarios, razón pola cal aínda hoxe moitos «lletraferits» galegos non posúen o volume ou ignoran a súa existencia. A mesma prensa que asistiu ó Parlamento, non reparou na singularidade deste agasallo literario. En canto a reseñas, só teño noticia dunha moi breve na revista *Lucensia*³³. En calquera caso, a publicación serviu para que no *Diccionario da Literatura Galega*, de 1995³⁴, se lle dedicase a Bosco unha columna completa coa debida información e con atinada valoración. Xuraría que esta voz foi redactada por Miro Villar.

Non debo omitir, neste apartado, cal foi o «impacto» da edición parlamentaria no espírito de Pepita Sabor. Transcribo as súas palabras:

... estimo en todo su valor lo que has hecho por la obra de Eduardo, y que te felicito por la belleza de la edición. Su contenido me gustó realmente mucho, y los textos, muy atinadamente elegidos y compaginados.

También quiero decirte que estimé mucho el gesto de D. Victorino Núñez –creo que fue él– que me atendió por teléfono y me dejó en el City Hotel un ejemplar de lujo y varios de las otras dos³⁵ tiradas. Todos los que conocen la obra se han mostrado emocionados, felices o admirados. Que Dios les pague a Uds. cuanto han hecho por los *Oito poemas* (20-IX-1994).

³⁰ *La Voz de Galicia*, 1-IX-1992.

³¹ Id., 18-IV-1993.

³² Parlamento de Galicia, 1994.

³³ Por Rocio Fondevila Crespo, nº 9, 1994.

³⁴ Vigo, Galaxia, 1995.

³⁵ Non sei se se equivoca. Eu teño para min que non houbo máis ca unha tirada «normal» e uns cantos exemplares de luxo.

[38] *Carácter e valoración dos poemas galegos de Bosco*

Este poeta arxentino non fai alofonía por «divertimento». Fixo por «divertimento», e boa parte, Carles Riba, que se limitou a agasallar cos seus versos galegos a unha rapaza galega cando el era moi novo (18 anos) e non sentía un amor fondo, (e, menos, tráxico) por Pepita Vila.

Pero Bosco, con vinte e seis anos e medio en agosto de 1939, é un ser humano doutras características. Os versos, fondos todos, son unha declaración radical de amor. Non se esqueza que el, como poeta en galego, bebe na fonte de dúas sombras graves, moi presentes no seu léxico, nos recursos, na actitude: Rosalía de Castro e Federico García Lorca. Na primeira canción, Bosco –asusente a amada– escribe «mórrome de soidades», verso que ten a gravidade das campás de Rosalía. O seu «fado... morrer de soidades», é fado ou fatalismo que tamén lle viña dun gran libro, de *Follas novas*. Aínda á beira da amiga (canción 4ª), Bosco quere ver o mar, como se dun desexo final se tratase. Pensaba en Rosalía. É un poema no que lle confesa á amada, á amiga (no senso medieval) estar triste. No poema hai ecos luminosos de Lorca: «o luar brillando nas augas», «a longa neve da veira como unha espada de prata». En «a ría que é unha rúa d'estrelas» quizais hai ecos dos poetas galegos contemporáneos.

A soidade, a experiencia expresada no refrán da canción 5ª, «Quero estar soio», remítenos á súa personalidade, a de quen, aínda amado e aínda non querendo esquecer a súa «antiga amiga», prefire «estar soio». Non están ausentes as lecturas rosalianas.

Na 6ª canción comunícalle á amiga –que existe e que o ama– «quero morrer». Non é retórica dun amante xuvenil.

A amiga é de Vilanova de Arosa (na toponimia oficial da época), que el transmuta en «Vilanova da Rosa» na segunda das cancións. Á beira de Pepita «lembra», de Vilanova, «un xardín xunto a unha igrexa de pedra». Nesa Vilanova «branca no lume do âr», na que naceu súa amiga, a noite «érguese o vento» e «espértanse» as súas «penas». Así é Eduardo Jorge Bosco, que constrúe, por amor, unha Vilanova ideal, pero que, aínda na experiencia dun amor tan fecundo, defínese na mágoa, nas penas e, noutros poemas, no desexo de morrer.

No seu día Luís Seoane cualificou estas cancións (coñecía catro) de «bellísimos poemas»; en realidade son fermosos pero tráxicos, rosalianos, case anteroquentalianos. Foi Antonio Pérez Prado quen dixo que os poemas de Bosco foron «escritos en un gallego cuasi medieval, delicados como una flor antigua». Debeu de quedar [39] impresionado por formas como «allur» e, quizais, «âr», «meio»... para converter a Bosco, lingüísticamente, nun escritor arcaizante. En canto a que os seus poemas (catro para el) son «delicados como unha flor antigua», non cuestionamos a delicadeza se con isto non se suprimen os acentos tráxicos das cancións. Bosco era unha especie de Larra arxentino do século XX.

Os poemas foron escritos «ex abundantia cordis» en tres días do mes de agosto de 1939: o 1º, o día sete; o 2º, 3º, 4º e 5º, o oito, e o 6º e 7º, o nove, un ás 10: 30 horas e o outro ás tres da madrugada (supoñemos que do día dez). Se é rigorosamente certa esta cronoloxía, Bosco expresou o seu amor e o seu fondo tráxico como nun arrebatado. Non escribía na súa lingua, na súa auto-fonía, pero, aínda nese exercicio alofónico, fala con autenticidade: non fai divertimento, exprésase na súa fondura, nas súas inquedanzas, no seu amor e nos seus graves latexos. Asombra que os borradores (ou primeiras redaccións) teñan tan poucos erros lingüísticos. Escribiu no metro, no parque Lezica ou onde fose sen dicionarios, sen vocabularios, sen axudas librescas? Se foi así, non só tiña un coñecemento importante do galego senón que o tiña moi interiorizado (Bosco, como poeta en galego, é moito máis

auténtico que Lorca). Debo aclarar que Bosco escribiu as sete cancións, neses tres días de agosto, lonxe de Pepita. Non tiña o pan da súa compañía cando os escribiu.

Ignoro se Pepita Sabor, nesta cuestión, podería achegar datos e matices. Sexa como for, a aventura lingüística de Bosco, entendida como unha necesidade, legou á nosa poesía un fermoso octaedro literario, fermoso e tráxico.

[41] IV. Sobre os textos orixinais das sete cancións de Bosco (e doutros versos seus)

[43] *Esta edición: procedencia dos textos*

Cando, en 1994, fixen a edición dos *Oito poemas* de Bosco, partín dos textos, en fotocopia, que me proporcionara Pepita Sabor. Hoxe están nas miñas mans, e son meus, todos os textos orixinais nas distintas versións, circunstancia que me permite abordar a edición con elementos dos que non dispuña hai trece anos.

Os textos orixinais dos poemas galegos (dalgún hai cinco versións), tanto os manuscritos como os mecanoscritos, regaloumos Pepita Sabor o 7 de novembro de 2005 despois dunha conversa no seu domicilio porteño. Non regresei con eles por non os ter, naquel momento, á man. Pouco despois da miña viaxe, escribíume unha carta nestes termos:

Ayer acabé de acondicionar los originales de Eduardo que te prometí. Van muy bien preservados en un sobre blanco, embalados a su vez con varias hojas de cartulina firme, que impiden que se arruguen. El todo va a tu nombre, por supuesto, ajustado con cinchas anchas pegantes. Tú me avisarás cuándo y a quién entregarlo. Te agrego detalle somero del contenido. He dejado en blanco el nombre del portador, que tú me dirás en su momento.

Te doy algunos datos adicionales: el envío queda depositado en el placard del dormitorio de mi hermana Ángeles, que, como ya sabes, está ahora fuera de uso por haberse ella internado: 1er. estante de la izquierda. Lo saben ya varias personas de mi familia. Además te agrego las señas de mi sobrina más cercana, que está al tanto de todo, y, en cualquier caso, podrá actuar por mí:

Licenciada Clara Inés Cortázar de Goetkmann
Armenia, 2448, 4º piso, B

[44] 1425-Buenos Aires (Argentina)

Teléfono: 4831-0880

Para tu información te digo que Clara es una musicóloga importante y que ya se ha retirado de la enseñanza (Profesora de Historia de la Música de la Universidad Católica Argentina y organizadora de la importante biblioteca altamente especializada que tiene la facultad de Música). Persona muy agradable y decidida, es un gran apoyo en todo. Está, pues, al tanto, de mi donación y puedes recurrir por cualquier cosa a ella. Es viúda. Su esposo, Jacques Goetkmann, era un pope ortodoxo francés, a quien conoció en París en los años en que ella se perfeccionó en Musicología. Es mujer culta, alegre y decidida en todo.

Te agrego una hoja de la lista del contenido del sobre con los poemas gallegos de Eduardo (14-I-2006).

Transcribo a folla sinalada no final da carta.

Lista de mi donación a Xesús Alonso Montero
Originales de los poemas gallegos de Eduardo Jorge Bosco
7 hojas MS. (a tinta)

12 hojitas «Reina Victoria» MS. (a lápiz)
1 hojita «Cigarrillos 43» MS. (a lápiz)
Restos de un sobre con trozos MS. (a lápiz)
Varias hojas a máquina escritas por Eduardo
J. E. Sabor
Buenos Aires, 14 de enero de 2006

Eu quedei moi impresionado con esta carta, escrita –parecíame– por quen tiña o temor de non poder entregar persoalmente os orixinais ó meu mensaxeiro. Por iso tomou a precaución de encomendarlle a xestión a persoa da máxima confianza.

En marzo de 2006, visitouna, no meu nome, Xosé Luis Axeitos, a quen lle entregou a carpeta co material. Con esta carta: [45]

Buenos Aires, 14 de marzo de 2006
Para Xesús Alonso Montero
Academia da Lingua Galega

Querido Xesús:

En las manos del afectuoso amigo que me vino a visitar te envío los originales de los «poemas galegos» de Eduardo Jorge Bosco, que te ofrecí en la última visita que hiciste a Buenos Aires. Tal como te lo dije entonces, te los regalo.

Son para tí, para que los conserves o les des el destino que te parezca mejor.

En recuerdo de Eduardo y en mi nombre, gracias a tí... y que Dios nos bendiga a todos.

Tu afectísima amiga

Josefa Emilia Sabor

Eu recibín o agasallo, das mans de Xosé Luís Axeitos, o «afectuoso amigo» cunha gratitude que, horas despois, intentei expresar por teléfono á xenerosa amiga. Desde ese día quedei comprometido, comigo mesmo, de que algún día faría unha edición na que figurase, dun xeito especial, o facsímile dos orixinais dos poemas galegos de Bosco: orixinais entrañables e valiosos onde os haxa. Gardounos con amor a súa inspiradora e destinataria durante 67 anos, e, desde hai un ano e meses, están no meu poder. En xuño, tiven a sorte de falar con dona Marisol López, colega e amiga, que, como Secretaria Xeral de Política Lingüística, acolleu con moito interese a miña proposta editorial: volver publicar os poemas galegos de Bosco (a edición de 1994 fora moi limitada e case inoperante) e ofrecer por primeira vez, en facsímile, o tesouro dos orixinais, valiosos, por outra parte, para establecer o texto das canción galegas.

Versións, variantes... con notas sobre o galego de Bosco e as súas fontes

Neste capítulo chamaremos ás composicións galegas escritas en agosto de 1939 «cancións», seguindo o termo consignado por Pepita Sabor cando editou catro delas: «Siete canciones gallegas escribió Eduardo Jorge Bosco en agosto de 1939. Se publican cuatro, las números 2, 4, 5 y 7, cuyas fechas corresponden al 8 y [46] v9 de este mes» (*Obras*, I, p. 208). Todo fai supoñer que Bosco e Pepita Sabor denominaban canción a cada un dos poemas galegos, razón pola cal numeran os textos con ordinal feminino: 2ª, 3ª, 4ª...

A primeira composición, que se titula «Cantares», carece de ordinal. Son cantares escritos, máis ou menos, ó xeito popular: nove triadas semellantes a aquela que encabeza un dos máis coñecidos poemas de Rosalía («Campanas de Bastabales...»). Cómpre ter en conta que, polo menos nunha ocasión, Bosco denominou «cantares» ás súas composicións: «A Pepita, porque xunto a ela, eu escribín estos cantares...» (Dedicatoria).

En xeral, de cada canción posuímos tres textos:

- a) O primeiro, a lapis, en letra de Bosco (ms. a)
- b) O segundo, tamén manuscrito, a limpo (ms. b)
- c) Un mecanoscrito (ms.), que acolle, en catro holandesas, as sete cancións.

Nalgunhas hai correccións á man, que teremos en conta: son a última vontade do poeta, a súa versión testamentaria.

Pero nalgunha canción dispomos de máis de tres versións, circunstancia que consignaremos oportunamente.

Ante estes textos está claro, totalmente claro, que o que chamamos ms. a é da responsabilidade intelectual e material de Bosco, pero, sobre a fase non manuscrita, cómpre ter en conta o afirmado por Pepita Sabor: «Me sometió los originales, que pasamos a máquina y corregimos entre los dos». (Informe). Non se esqueza que a inspiradora dos poemas tiña unha percepción do galego oral da que carecía Bosco: «... en mi casa no se hablaba, por ser mi madre castellana. Pero cuando recibíamos la visita de parientes paternos oíamos hablar la lengua y nos familiarizamos con ella, mis hermanas argentinas y yo». (Informe).

1ª canción

Consérvanse: ms. a, ms. b e mec.

– No proceso, Bosco mellora: «soio», non «soyo»; «callaivos», non «calladvos» (aínda que, lexicamente, segue a ser castelanismo); «seus», non «suos» (condicionado polo italiano, da súa liña paterna); «ollos», non «olhos» (pero a grafía portuguesa non a corríxe en «mulher»).

– No verso 26, o mec. ofrece un texto moi castelanista (como nas dúas versións anteriores):

[47] que es mi destino estar soio

Xa transcrito, corríxeo así:

que es o meu fado estar soio

Non desacerta en «fado», que, como sinónimo de «destino», figura no «Vocabulario» da *Antología* de Álvaro de las Casas, palabra que Bosco sinalou no seu exemplar. Sorprende que non rectifique a forma verbal «es».

– No verso anterior, corríxe «digades» con «falades», sinónimo que lle debeu parecer mellor, pero non acerta na forma verbal, que tería que ser «faledes», forma que, por certo, non rimaría con «saudades».

- No verso 10, pon, encima de «cruzas», «vas a », que nós debemos admitir.
- No verso 10 trata de ti á «Mulher», e no 20, á «volvoretiña», pero no 13 trata de Vós ó «ánxel» (vedes), e no 16, á «anduriña» (pasades). ¿Está condicionado polo voseo arxentino?

2ª canción

Consérvanse catro textos: ms. a1, ms. a2, ms. b e mec.

– Bosco, no proceso, mellora, ás veces: «rosa», non «rousa»; «vin», non «vi»; «no lume», non «na lume»; «meia», non «media» (aprendido, quizais, no Vocabulario de Álvaro de las Casas)

– No caso empeora notablemente: «una», non «unha». Cómpre aclarar que a grafía tradicional, «unha», aparece en ms. a 1, ms. a 2 e ms. b. Quero pensar que a mecanógrafa, Pepita Sabor, cometeu o lapsus, que Bosco, só ou acompañado, non advertiu. Na presente edición atéñome á autoridade das versións manuscritas tanto no verso 2 como no 6.

– No poema hai bastantes reformulacións por criterios estilísticos.

*No v. 1: Tan só recordo un xardín>Lémbrome sô dun xardín (ou é que lle parecía mellor galego a fórmula co verbo lembrar?)

*No v. 5: alta na cima do día>branca no lume do âr.

*No v. 9: a tarde mourada crece>vento e frío, a noite vene («vene», por «ven», por necesidade da rima?).

*No v. 10: Alta na cima do día>Branca e dourada no día.

[48] *No v. 13: As sombras da noite chegan>As auguas da noite chegan («auguas» é forma aprendida en Rosalía).

*No v. 16: Vilanova, alta no día>Vilanova, no ar do día.

3ª canción

Consérvanse: ms. a, ms. b e mec.

– Na 2ª folla do ms. a, a última estrofa figura como penúltima, e viceversa. Tamén nesta segunda folla, distante do último verso, escribiu «Quero estar soio», que non sabemos como interpretar. Pode tratarse da repetición da primeira parte do verso 8 ou do refrán da quinta canción. En calquera caso, en ms. b e no mec. desaparece.

– No proceso, rectifica o galego: «teu», non tuo (xa viramos un italianismo semellante); «deteñas», non «detengas».

– Hai que salientar, no v. 18, o arcaísmo «allur», que figura no Vocabulario de A. de las Casas.

4ª canción

A única da que se conservan cinco versións:

a) ms. a1

Supoño que é a primeira versión. Semella un borrador. Na folla figuran, chatados, seis versos da segunda canción.

b) ms. a2

Non ten as características de borrador da anterior.

c) ms. b

d) mec. 1 (folla de libreta)

e) mec. 2 (na terceira das holandesas)

Comeza o poema cunha cita de Rosalía de Castro: as súas últimas palabras, segundo algúns biógrafos. Se as dixo, díxoas en castelán, tal como consigna mec. 1. Eu, de novo, atéñoime ó texto mec. 2 (o das cinco holandesas), pero, nesta ocasión, na cita, seguirei mec. 1, porque me doe, nun poema tan fermoso, que se inicie cun texto en galego deficiente («Deixadme ver o mar»). Aclaro, pois, a miña actitude, máis subxectiva que ecdótica. [49]

– O verso 2 reformúlao estilisticamente: e lonxe a neve do ar coma unha camelia branca>e a longa neve da veira, como unha espada de prata (Esta «espada de prata» ten fasquía lorquiana. En canto «a neve do ar coma unha unha camelia branca» recorda «camelia branca do ar» do 1º poema galego de Lorca).

– En canto a «unha», forma pola que opto, v. o dito noutro lugar.

5ª canción

Son tres as versións: ms. a, ms. b e mec.

– No ms. b, a lapis, indícase que en «deixadme» hai que intercalar un «e» entre «d» e «m», e tamén se indica que en «silencio» o grupo «ci» debe ser substituído por «z», corrección, esta, que consigna mec., non así a anterior. Por se responde a esquezo e non a reconsideración, nós optamos por «deixádeme».

6ª canción

Consérvanse catro versións:

a) ms. a1 (a 2ª estrofa, nas outras versións, é a 3ª)

b) ms. a2

c) ms. b

d) mc.

– En casos, mellora o galego: «todos», non «toudos»; «mundo», non «mondo»; «teu», non «tou».

– Vai máis alá do lingüístico a modificación no v. 15: as xentes>a morte.

– No v. 7 (Me sento vello...), a colocación do pronome átono é castelanizante en tres das versións, pero non en ms. a2 (Séntome...)

7ª canción

Sorprenden, en Bosco, estas dúas ignorancias: «pro», non «por», e «seu», non «sei».

– Na versión final (mec.), despois do último verso (das suas froles), Bosco manscribe o inicio do refrán, «Santiago...», que eu interpreto como se da totalida-[50]de se tratase. Eu reproduczo enteiro nunha decisión arriscada pois non ignoro que Pepita Sabor, na súa edición

de 1992, desentendeuse totalmente do refrán. En calquera caso, non resulta desaxeitado pechar a última estrofa, a cuarta, coas palabras coas que o poeta pechou a primeira.

– No verso 13 aparece a palabra «cibdá», que, moi probablemente, tomou do título do primeiro poema galego de Lorca na súa 2ª edición, a de 1935 («Madrigal â cibdá de Santiago»).

Os outros textos en verso

Noutro apartado deste estudo («O corpus galego de Bosco») xa fixen as indicacións pertinentes. Neste capítulo convén recordar que, das tres follas alleas ás sete cancións, só unha, a do 10 de novembro de 1939, ten interese literario e é digna de reproducirse, aínda que se trataba, moi probablemente, dun borrador. É o fermoso poema do «Cervo ferido», sinxelo e grave.

Por non substraer datos e pistas ós lectores esixentes, ofrecemos o facsímile e a transcripción das outras dúas follas, lectura lícita só para eruditos capaces de non esqueceren o encanto dos oito poemas precedentes.

O problema da dedicatoria das cancións: cronoloxía, versións e alcance

Refírome á «Dedicatoria» (sic) que, co mesmo texto, aparece ó final da canción 4ª (no manuscrito a limpo) e da canción 6ª do manuscrito primeiro. É esta:

Dedicatoria

A Pepita, porque xunto a ela, eu escribín estos cantares, sentindo no peito toda a soidade de Rosalía, e toda a saudade de Galicia, rosa de pranto entr'as herbas.

9 agosto-1939-Subterráneo-6 de la tarde

Este é o texto que figura na canción 6ª, o único que sinala lugar, día, mes, ano e hora. ¡É un texto sen correccións, non así o outro, posterior!, onde, entre outras rectificacións, consignamos touda>toda.

[51] Non sabemos por qué no manuscrito a limpo aparece na folla da 4ª canción e non da 6ª. De sermos esixentes, debería figurar ó final da 7ª, pero é lícito pensar que só pensaba escribir seis poemas (como o seu amado Lorca?) e non sete.

Aínda así, hai outra «anomalía». A hora en que redacta a Dedicatoria, o 9 de agosto de 1939, é as «6 da tarde», pero o poema desa folla foi finalizado, no mesmo día, despois, ás «10 y media de la noche».

Escribiría a dedicatoria antes e limítase, nesta folla, a pasala a limpo? Repárese en que non hai chataduras nin vacilacións («cantares», di o poeta) aínda que, naquel intre, non existise a 7ª, escrita nesa data ás «3 de la madrugada».

Nós, sen atentar contra a Ecdótica, encabezaremos, na presente edición, o texto das cancións, das sete, coa «Dedicatoria». Refírese –estou convencido– a elas, a todas elas, escritas en agosto de 1939. Non se refire, loxicamente, ós outros versos, o poema de novembro dese ano e ós sen data.

É certo que no mecanoscrito –texto testamentario– non figura a «Dedicatoria», pero todo fai supoñer que anda por aquí a man pudorosa de Pepita Sabor. Ela, o seu nome, xa loce no verso 3 da 1ª canción («e agora teño a Pepita»), canción que ela, por certo, non seleccionou no ano 1952. ¡Arrinqueino eu da ineditéz en 1994!